



INFORME DA SECRETARÍA XERAL TÉCNICA SOBRE O "PROXECTO DE ORDE POLA QUE SE REGULA A ACTIVIDADE DE TRASLADO DE DETERMINADAS ESPECIES NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA"

Visto o "Proxecto de orde pola que se regula a actividade de traslado de determinadas especies na Comunidade Autónoma de Galicia", en cumprimento do disposto no artigo 43.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, esta Secretaría Xeral Técnica emite o seguinte

INFORME:

I. FUNDAMENTACIÓN ESTATUTARIA E LEGAL

O artigo 148.1.11 establece que as Comunidades Autónomas poderán asumir competencias en "materia de pesca en augas interiores, marisqueo e acuicultura". Por outra parte, o artigo 149.1.19 outorga ao Estado a competencia exclusiva sobre "a pesca marítima, sen prexuízo das competencias que na ordenación do sector se atribúan ás Comunidades Autónomas".

Sobre a base de tal fundamento constitucional, o Estatuto de Autonomía para Galicia establece que corresponde á Comunidade Autónoma galega a competencia exclusiva sobre "a pesca nas rías e demais augas interiores, o marisqueo e a acuicultura" (artigo 27.15) e sobre "as confrarías de pescadores" (artigo 27.29), así como o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación do Estado da materia "ordenación do sector pesqueiro" (artigo 28.5).

Unha doutrina consolidada do Tribunal Constitucional (por todas, STC 9/2001, do 18 de xaneiro) foi determinando o contido de cada un dos títulos





competenciais relacionados coa pesca marítima. Así, por "pesca marítima" hai que entender a regulación da actividade extractiva e, como presuposto dela, o réxime de protección, conservación e mellora dos recursos pesqueiros, mentres que a "ordenación do sector pesqueiro" fai referencia á regulación do sector económico e produtivo da pesca en todo o que non sexa actividade extractiva directa.

De maneira máis detallada, a pesca marítima inclúe a normativa referente aos recursos e as zonas onde pode pescarse (fondos, caladoiros, distancias, cupos), aos períodos en que pode pescarse (vedas, horas) e á forma e medios de realización da actividade extractiva no mar (artes e medios de pesca), mentres que a ordenación do sector pesqueiro abarca todo o relativo á organización do sector económico, que, dende o punto de vista dos suxeitos ou empresarios intervenientes, comprende as medidas referentes ás condicións profesionais dos pescadores e outros suxeitos relacionados co sector, construción de buques, rexistros oficiais, confrarías de pescadores, lonxas de contratación e outras similares.

Partindo desta doutrina, a regulación da actividade de traslado, entendida esta como o conxunto de operacións de pesca realizadas polo armador ou patrón da embarcación no que as capturas, ou unha parte delas, son transferidas ou trasladadas a unha rede de contención ou almacenamento, un contedor ou unha gaiola fora da embarcación onde as capturas se manteñan vivas ata o momento do seu desembarque, encádrase sen dificultade na materia "pesca marítima", correspondendo a súa regulación á Comunidade Autónoma de Galicia sempre que esta actividade se realice nas súas augas interiores; e se enmarca tamén na definición de actividade pesqueira contida no artigo 4 do Regulamento (CE) nº 1224/2009 do Consello, de 20 de novembro de 2009, polo que se establece un réxime comunitario de control para garantir o cumprimento das normas da política pesqueira común, se modifican os Regulamentos (CE) nº 847/96, (CE) nº 2371/2002, (CE) nº 811/2004, (CE) nº 768/2005, (CE) nº 2115/2005, (CE) nº 2166/2005, (CE) nº 388/2006, (CE) nº 509/2007, (CE) nº 676/2007, (CE) nº 1098/2007, (CE) nº 1300/2008 e (CE) nº 342/2008 e se derrogan os Regulamentos (CEE) nº 2847/93, (CE) nº 1627/94 e (CE) nº 1966/2006.





No exercicio das competencias antes referidas, o Parlamento de Galicia aprobou a Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia. O seu artigo 14 define a pesca marítima profesional como o exercicio da actividade extractiva dirixida á explotación comercial de especies piscícolas, utilizando artes, aparellos, útiles ou equipos propios da pesca, incluíndo tamén na definición a captura de especies de crustáceos, moluscos e outros invertebrados mariños con artes non específicas para estas especies. A regulación desta actividade atópase contida na actualidade no Decreto 15/2011, do 28 de xaneiro, polo que se regulan as artes, aparellos, útiles, equipamentos e técnicas permitidas para a extracción profesional dos recursos mariños vivos en augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia.

II. XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO

Como se indica na memoria de acerto e oportunidade, o presente proxecto xustifícase na necesidade de regulamentar e ordenar a actividade de traslado na Comunidade Autónoma de Galicia, actividade coñecida polo sector como "aviveiramento", e que viña consistindo en manter almacenadas no mar e con vida as capturas de determinadas especies, como o camarón, nécora, centola, boi, lumbricante, langosta, santiaguíño e anguía, durante un período determinado, previo ao desembarco das mesmas.

Así pois, resulta conveniente establecer o marco regulador desta actividade que transcorre entre o momento do traslado das especies capturadas e o seu desembarque para a súa venda, determinando cales cales son os lugares autorizados para almacenar as capturas obxecto de traslado, a duración máxima do almacenamento permitido para as especies sinaladas nesta orde, o número máximo de declaracións de traslado permitidas, o conxunto de condicións necesarias para o cumprimento das operacións de traslado, e a trazabilidade de tales operacións, o que conleva a necesidade de modificar a Orde do 8 de febreiro de 2008 pola que se regula o control da descarga e do transporte dos produtos pesqueiros frescos ata a fase de primeira venda e o





transporte de moluscos bivalvos, equinodermos, tunicados e gasterópodos mariños vivos.

III. ESTRUCTURA E CONTIDO

Respecto á estrutura e contido do proxecto, consta dun preámbulo, no que se resaltan os obxectivos e finalidade pretendidos pola disposición normativa, e 10 artigos, co seguinte detalle:

Artigo 1. Obxecto

Artigo 2. Ámbito de aplicación

Artigo 3. Definición

Artigo 4. Lugares de traslado

Artigo 5. Duración do período de mantemento en vivo no mar

Artigo 6. Declaración de traslado

Artigo 7. Rexistro da finalización da declaración de traslado

Artigo 8. Anulación da declaración de traslado

Artigo 9. Condicións para o cumprimento das operacións de traslado

Artigo 10. Trazabilidade das operacións de traslado na cadea de comercialización

Completa o texto unha disposición adicional, referida a posibles incidentes e impedimentos técnicos durante o uso de aplicacións informáticas, e tres disposicións derradeiras: a primeira, de modificación da Orde do 8 de febreiro de 2008 pola que se regula o control da descarga e do transporte dos produtos pesqueiros frescos ata a fase de primeira venda e o transporte de moluscos bivalvos, equinodermos, tunicados e gasterópodos mariños vivos; a segunda, que contempla a facultade desenvolvemento; e a terceira, referida a súa publicación e entrada en vigor.





IV. TRÁMITES REALIZADOS E RESULTADO DOS MESMOS

O proxecto de decreto elaborouse de conformidade co procedemento establecido nos artigos 40 e seguintes da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Así, en consonancia co sinalado no artigo 41, unha vez iniciado o procedemento por acordo do conselleiro do Mar do 23 de febreiro de 2024, levouse a cabo unha consulta pública previa a través do Portal de Transparencia durante o período comprendido entre o 29 de febreiro e o 17 de marzo de 2024, tal como consta no certificado da Dirección da Área de Administración Dixital da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia de 21 de marzo de 2024, recibíndose catro achegas sobre a proposta normativa, formuladas polas Federacións Provinciais de Confrarías de Pescadores de Lugo, A Coruña e Pontevedra, e pola Federación Galega de Confrarías.

Finalizada a consulta, a elaboración do anteproxecto levouse a cabo pola Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, acompañado da memoria xustificativa sobre a súa legalidade, acerto e oportunidade, na que se valoraron as achegas realizadas polas federacións de confrarías de pescadores antes referidas, a memoria económico-financieira e o informe do Servizo Técnico-Xurídico.

Unha vez rematada a fase inicial de elaboración, o texto aprobouse o 2 de decembro de 2024 polo conselleiro do Mar como proxecto de orde.

O proxecto foi informado favorablemente pola Dirección Xeral de Orzamentos e Financiamento Autonómico da Consellería de Facenda e Administración Pública o 9 de decembro de 2024, ao non supoñer custo para a Administración autonómica.

Con data 20 de decembro de 2024, a directora xeral de Promoción da Igualdade da Consellería de Política Social e Igualdade informou de que se trata dunha norma sin repercusión en cuestións de xénero e sin colisión coa normativa vixente en materia de igualdade.





O texto do proxecto publicouse na páxina web do portal de Transparencia e Goberno aberto, de conformidade co disposto no artigo 9 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co previsto no artigo 42.3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro. A publicación tivo lugar durante o período comprendido entre o 10 de decembro de 2024 e o 3 de xaneiro de 2025, tal como consta no certificado da Dirección da Área de Administración Dixital da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia do 13 de xaneiro de 2025, recibíndose unha suxestión ao seu contido por parte da Federación Provincial de Confrarías de Pescadores de Pontevedra, co resultado indicado na memoria de tramitación do 11 de xuño de 2025.

En cumprimento do trámite de audiencia, deuse traslado do texto do proxecto ás seguintes organizacións: Organización de Produtores de Pesca do Porto e Ría de Marín, OPRMAR (OPP-8); Organización de Produtores de Pesca Fresca do Porto da Coruña (OPP-13); Organización de Produtores Pesqueiros do Porto de Burela (OPP-7); Organización de Produtores de Pesca do Porto de Celeiro, S.A. (OPP-77); Asociación Provincial de Armadores de Buques de Cerco de Galicia, ACERGA (OPP-82); Sociedade Cooperativa Galega do Mar Santa Eugenia de Ribeira (OPP-83); Cooperativa de Armadores de Buques de Pesca do Porto de Vigo (ARVI); Artesáns da Pesca, Sociedade Cooperativa Galega; Mar do Morrazo, Sociedade Cooperativa Galega; Cíes Artesanais Sociedade Cooperativa Galega; Federacións Provinciais de Confrarías de Pescadores de Lugo, A Coruña e Pontevedra, e Federación Galega de Confrarías. Transcorrido o prazo establecido, non se recibiron alegacións ao contido do proxecto.

Con data 2 de xullo de 2025, o proxecto foi informado favorablemente pola Asesoría Xurídica da Consellería do Mar ao consideralo conforme ao ordenamento xurídico.

Visto o anterior, de acordo cos principios de boa regulación establecidos polo artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e, en particular, cos de necesidade, proporcionalidade e eficacia, esta norma contén a regulación imprescindible para atender a súa finalidade. Igualmente, en virtude do principio de seguridade xurídica, a norma garda coherencia co resto do





ordenamento xurídico, e, en cumprimento do principio de transparencia, identifícanse con claridade nela os obxectivos perseguidos. Ademais, durante a súa tramitación promoveuse a participación da cidadanía mediante os trámites de audiencia e publicación no portal de Transparencia e Goberno aberto da Xunta de Galicia.

En consecuencia, tendo en conta os aspectos analizados, o texto proposto reúne os requisitos esixidos na normativa de aplicación examinada anteriormente, polo que esta Secretaría Xeral Técnica informa favorablemente o proxecto de orde.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica
A secretaria xeral técnica

Marta Barreiro Castro

